

Exposición temporal 2017

O que se pode descubrir analizando os aneis de crecemento na madeira das árbores



Esta exposición quere poñer en valor o interese do estudo dos aneis de crecemento dos troncos das árbores.

As investigacións dendrocronolóxicas son de gran utilidade en diversas áreas científicas: Climatoloxía e paleoclimatoloxía (reconstrución do clima no pasado), Ecoloxía (incendios, dinámica de poboacións), Xeomorfoloxía (os aneis poden rexistrar terremotos, riadas), Hidroloxía (reconstrucións de inundacións, caudais de río), Criminoloxía, Arqueoloxía, ...

Exemplares de árbores de diferentes especies son presentados con información sobre algúns eventos rexistrados nos seus aneis

Cedrus deodara (D. Don) G. Don

Cedro do Himalaia



Datos da sección do tronco

Procedencia: Brandia (Santiago de Compostela)
Ano de nacemento: 1921
Ano de corte: 2012



Datos da sección do tronco

Procedencia: Campus Sur (Santiago de Compostela)
Ano de nacemento: 1951
Ano de corte: 2017

Estas dúas árbores de mesma especie medraron baixo condicións climáticas similares, pero a de Brandia estába sobre un solo pobre, pouco profundo e pedregoso, o que limitou o seu crecemento. Desta árbore o crecemento medio do seu diámetro entre 1951 e 2012 foi de 57,6 cm, mentres que para este mesmo período a árbore do Campus Sur tivo 77,0 cm de aumento medio en diámetro. O exemplar do Campus Sur sufriu danos na súa casca no ano 2001, probablemente durante a apertura dunha gabiña para cobaxe, que impediron o crecemento do diámetro do tronco na parte lesionada a partir de dito ano.

